

Xoves, 22 de xuño de 2023

Núm. 120

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO PERÍODO 2022 - 2023.

EXPEDIENTE: 9712 335

TIPO EXPTE: SUBVENCIONS CONCORRENCIA COMPETITIVA

SOLICITANTE: Servizo de Festas

Asunto: CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO PERÍODO 2022 - 2023.

EXTRACTO

Extracto do acordo de data 11 de maio de 2023 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto para subvencións para festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no período 2022 - 2023.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b). e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria cuxo texto completo podese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

Primeiro.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais durante o período 2022 - 2023 e que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda .- Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 239.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades e comisións de festas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.



Xoves, 22 de xuño de 2023

Núm. 120

Terceira.- Beneficiarios

Poderán solicitar subvención, as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria anual e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023, ámbolos dous incluídos, na cidade de Vigo.

Cuarto.- Bases Reguladoras

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO. Estarán a disposición dos interesados no servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e servizo de Festas dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia. (BOPPO).

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O Prazo de presentación das solicitudes será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

Sexta.- Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login>.

CCP/amg

Vigo, na data da sinatura dixital

A Xefa do Servizo de Festas

M^a. Cristina Chao Polo

CONFORME:

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadán e Festas

Pablo L. Estévez Rodríguez

